



PREVENCIÓN DE
RISCOS BIOLÓXICOS
NO COIDADO DAS PERSOAS
CON DEPENDENCIA

O persoal traballador que atende persoas dependentes debe coñecer aquelas situacións que se dan no traballo cotiá e que poden poñer en perigo a súa saúde.

Entre os riscos aos que poden estar expostos están os RISCOS BIOLÓXICOS xa que se poden contaxiar de **ENFERMIDADES TRANSMITIDAS POLAS PERSOAS QUE COIDAN**

TAREFAS CON RISCO DE CONTAXIO DE ENFERMIDADES

Calquera que supoña contacto directo con persoas enfermas ou co seu sangue ou outros fluídos (ouriños, feces, secrecións respiratorias...)

Exemplos:

Asistencia no aseo
persoal

Coidados sanitarios /
tratamentos que se deban
facer por indicación
médica: limpar feridas,
aplicar curas e vendaxes,
exercicios, fisioterapia,
manexo de instrumental
médico...

Actividades de limpeza en
contacto con sangue ou
fluídos

O QUE DEBES SABER:

Para que un patóxeno produza unha infección debe ter unha **vía de entrada** no organismo que pode ser:

- . **RESPIRATORIA:** inhalación de material contaminado.
- . **DÉRMICA:** a maioría dos patóxenos non poden atravesar a pel intacta pero **ollo cos cortes, ou con outro tipo de rabuñaduras, rascaduras ou afeccións cutáneas!**
- . **ORAL/NASAL:** a simple adherencia ás superficies mucosas oral e nasal pode permitir a súa penetración posterior. Outras infeccións contráense por vía dixestiva.
- . **OCULAR:** os ollos son tamén superficies mucosas especialmente vulnerables.
- . **PARENTERAL:** picadas, cortes ou lesións na pel...

Non sempre sabemos se unha persoa é transmisora dalgunha enfermidade:

- . Hai enfermidades que se poden contaxiar no período de incubación, cando aínda non hai síntomas
- . Hai infeccións que poden padecerse sen que aparezan uns síntomas claros
- . As persoas temos dereito á confidencialidade dos nosos datos médicos

QUE FACER PARA EVITAR CONTAXIOS?



1. Compórtate sempre como se a persoa que atendes puidese ter unha enfermidade contaxiosa.
Debes impedir o contacto:

- CO SANGUE
- COS FLUÍDOS CORPORAIS E EXCRECIÓNS (AGÁS A SUOR)
- COA PEL SE NON ESTÁ INTACTA
- COAS MUCOSAS

MEDIANTE ESTAS PRECAUCIÓNS BÁSICAS



LAVADO DE MANS (con auga e xabón):

Sempre que puidese haber **contacto con fluídos**:

- . Ao cambiar cueiros
- . Actividades de limpeza en contacto con ouriños, feces, vómitos
- . Contacto con roupa contaminada con estes fluídos

Sempre que puidese haber **contacto co sangue**: limpeza de feridas, facer curas, utilizar algún tipo de instrumental médico (lancetas, xiringas...)

Inmediatamente despois de quitar as luvas.



USO DE LUVAS:

Cando teñas feridas sen cicatrizar, ou lesións na pel, cortes queimaduras, úlceras...

Cando poida haber contacto con sangue, fluídos corporais, secrecións e obxectos contaminados.

Antes de tocar membranas mucosas e pel danada (sempre luvas limpas).

Cámbiaos despois de tocar calquera material que poida estar contaminado.

Retíraos despois do uso e antes de tocar calquera obxecto ou superficie do contorno non contaminada ou a calquera persoa. **Lava sempre as mans ao retiralos.**



USO DE BATA (OU OUTRA ROUPA PROTECTORA):

Sempre que poida haber contacto con sangue e outros fluídos corporais que poidan afectar á túa propia roupa.

Debes cambiala se pasas a atender outra persoa durante a xornada de traballo.



USO DE MÁSCARA E LENTES:

Utiliza unha máscara cirúrxica e uns lentes de montura integral se fas tarefas nas que pode haber salpicaduras de sangue ou de calquera fluído, secreción ou excreción corporal.

EXTREMA AS PRECAUCIÓNS se tiveses que usar **MATERIAL CURTO PUNZANTE**, non lle volvas poñer o capuchón ás agullas despois de usalas. Non tires este material usado á bolsa do lixo do domicilio nin o deixes abandonado, debe ir a un contedor ríxido para evitar cortes e picadas.



2. ATENCIÓN ÁS VACINAS

Para esta actividade están indicadas a da hepatitis B e a da gripe; tamén a triple vírica e a da varicela se non tes inmunidade. A empresa débete ofrecer as adecuadas por medio do servizo de vixilancia da saúde.



3. OUTRAS PRECAUCIÓNS

- Evita comer e beber nas zonas de traballo
- Cobre con apósitos impermeables calquera ferida ou corte que teñas nas mans
- Cambia de roupa ao acabar a xornada
- Sé responsable se tes que vacinarte e segue as pautas indicadas
- Mantén a orde e limpeza onde traballas
- Utiliza medios seguros para a recollida, almacenamento e eliminación de materiais que poidan estar contaminados
- Extrema as precaucións na asistencia a persoas con enfermidades pulmonares e secrecións bronquiais
- Ten especial coidado se debes administrar algún medicamento inxectable ou tes que manipular un contedor de agullas

Lembra que estas precaucións ademais de protexerte a ti **EVITARÁN DISEMINAR O AXENTE INFECCIOSO E QUE CONTAXIE OUTRAS PERSOAS!**

Se a persoa que atendes ten confirmada ou sospeita que ten unha enfermidade infecciosa pode ser necesario que adoptes medidas preventivas adicionais, nese caso:


- Debes recibir instrucións concretas da empresa
- A información sobre a enfermidade queda en mans do persoal médico pero as medidas preventivas débenseche indicar e facilitarche os equipos de protección que fosen necesarios

**AS PERSOAS DE IDADE AVANZADA SON UN
COLECTIVO DE RISCO PARA A GRIPE, O
HERPES ZÓSTER E A HEPATITE B**

**DEBES RECIBIR INFORMACIÓN POR ESCRITO
E FORMACIÓN SOBRE O RISCO BIOLÓXICO E
MEDIDAS PREVENTIVAS ADECUADAS**

ACCIDENTES CON RISCO BIOLÓXICO, QUE FACER?

PICADAS OU CORTES con calquera tipo de **INSTRUMENTAL CONTAMINADO CON SANGUE** ou con fluídos con sangue:



Se recibes **SALPICADURAS DE SANGUE OU FLUÍDOS CONTAMINADOS CON SANGUE** sobre unha **FERIDA** que teñas aberta ou **PEL** que **NON ESTÁ INTACTA**

▶ **LÁVATE DE INMEDIATO CON AUGA E XABÓN**

Se a **SALPICADURA É SOBRE MUCOSAS** (boca ou nariz)

▶ **LÁVATE CON ABUNDANTE AUGA OU SORO FISIOLÓXICO**

Se é **SOBRE OS OLLOS**

▶ **IRRÍGAOS CON ABUNDANTE AUGA, SORO FISIOLÓXICO OU SOLUCIÓNS SALINAS ESTÉRILES**
SE USABAS LENTES DE CONTACTO, DEBES IRRIGAR ABUNDANTEMENTE ANTES E DESPOIS DE QUITALAS

DEBES NOTIFICAR O SUCEDIDO SEGUNDO O PROCEDEMENTO ESTABLECIDO POLA EMPRESA

FAINO CANTO ANTES

ISSGA

INSTITUTO DE SEGURIDADE
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA



Xacobeo 2021

galicia



PREVENCIÓN DE
RISCOS BIOLÓXICOS
NO COIDADADO DAS PERSOAS
CON DEPENDENCIA

ISSGA.XUNTA.GAL



**XUNTA
DE GALICIA**